



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Pedagoxía social		Código	652G03006
Titulación	Grao en Educación Social			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagoxía e Didáctica			
Coordinación	Candedo Gunturiz, María Dolores Fatima	Correo electrónico	dolores.candedo@udc.es	
Profesorado	Barba Núñez, María Candedo Gunturiz, María Dolores Fatima	Correo electrónico	maria.barba@udc.es dolores.candedo@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Materia de formación básica que pretende desenvolver competencias asociadas ao coñecemento dos distintos ámbitos de profesionalización da educación social e a comprensión das distintas dimensións relacionadas coa intervención pedagóxico-social. Pretende achegar elementos de análise sobre o sentido da intervención pedagóxico-social, á luz dos valores e dos paradigmas científicos desde os que pode comprenderse a acción socioeducativa, poñendo en valor o propio contexto que condiciona a intervención. A súa metodoloxía esencialmente dialóxica pretende achegar contidos e procedementos que permitan desenvolver activamente a reflexión, o debate e o cuestionamento crítico dos temas obxecto de estudo, e colaborar no desenvolvemento de actitudes favorables ó cambio social e educativo.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral: Cólgame no Moodle un vídeo-explicativo no que se narra a presentación de power point. Durante o horario de expositivas a profesora estará conectada para resolver as dúbidas que poidan xurdir.- Actividades iniciais e de acompañamiento da materia: Pasan a computar na avaliación. Incorpóranse actividades complementarias á sesión expositiva de carácter individual (foro, proba, etc.) a través do Moodle, dirixidas a garantir o seguimento da materia, valorar a comprensión dos contidos abordados ou promover a reflexión e debate sobre os mesmos.- Aprendizaxe colaborativa: Nas interactivas, mantense a dinámica de trabalho por grupos de aprendizaxe colaborativa, a través do chat de Teams habilitado pola profesora para cada grupo. Participar nesta metodoloxía de trabajo implica conectarse a través do Teams no horario de interactivas.- Discusión dirixida- Lecturas- Proba de ensaio (computa na avaliación)- Portafolios (computa na avaliación) <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none">- Simulación (cancelase por esixir presencialidade) <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Moodle: Permanentemente actualizado. Cámbiase a estrutura por temas por unha estrutura por semanas, para facilitar ao alumnado a comprensión das tarefas asociadas a cada semana. Cólgame cada semana o vídeo referido á sesión expositiva. É necesaria a súa consulta, dado que é a ferramenta que ofrece con claridade a visualización dos contidos abordados e tarefas asociadas.</p> <p>Teams: Convértese no nova aula. As sesións interactivas danse a través dos ?Equipos? creados para cada un dos grupos de interactivas. Semanalmente, no horario de interactivas, faise unha chamada grupal dirixida a clarificar dúbidas sobre o ?vídeo-presentación? desa semana e a explicar a dinámica de trabalho da interactiva. Créanse ?Grupos de Chat? para cada un dos grupos de aprendizaxe colaborativa (GAC). Semanalmente, no horario de interactivas, son o espazo de trabalho dos GAC, dende o que desenvolven as tarefas en grupo, a través de documentos colaborativos y chamadas grupais. Durante o horario das interactivas, a docente fai o seguimento dos documentos colaborativos e, con elo, do trabalho que vai realizando cada grupo. Emprégete o Chat individual co alumnado, segundo o soliciten, para facer tutorías individuais..</p> <p>Correo electrónico: Frecuentemente. Como vía de comunicación co alumnado, especialmente na clarificación de dúbidas que poidan xurdir.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Portafolio (50%). Manténense as condicións da súa elaboración.</p> <p>Proba de ensaio (35%). Manténense as condicións da súa elaboración pero de forma non presencial. A proba realizaña na data e horario do exame.</p> <p>Actividades individuais (15%). Dirixidas á reflexividade en torno a realidades sociais ou formas de intervención, situándo ao alumnado en relación aos contidos abordados na materia. Estas actividades vanse subindo ao Moodle, acompañando o desenvolvemento da materia e deben ser entregadas nos tempos establecidos para cada unha delas.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>O metodoloxía de avaliación non se ve especialmente afectada polas modificacións derivadas do COVID-19:</p> <ul style="list-style-type: none">- A metodoloxía de ?Portafolio? non ten cambios- A ?Proba de ensaio? manteñese sen demasiado cambio, xa que era unha proba presencial pero con material e a diferencia coa modalidade actual é que agora faise a distancia, contando con todo o día para realizala, para evitar problemas de conexión ou dificultades persoais concretas.- As ?Actividades individuais? son unha metodoloxía de avaliación incorporada a maiores, pero que non supón incremento
----------------------	---



respecto ao traballo que se viña realizando. Son actividades moi sinxelas que só buscan a reflexividade sobre os contidos teóricos. Preguntas que se terían incorporado nas sesións expositivas de ser presenciais.

Para aprobar a materia será preciso que cando menos o portafolio e o comentario de texto estean aprobados. Se algúns dos elementos está aprobado e o outro non, gardarase para a segunda oportunidade a cualificación do elemento aprobado e só terá que recuperar o suspenso.

Para o alumnado con modalidade non presencial mantéñense as condicións anteriores: Portafolio (60%) e proba de ensaio (40%). Deberá ter unha titoría coa docente para acordar as condicións de elaboración de portafolio de forma individual.

No caso de alumnado con necesidades específicas, acórdase coa persoa e coa ADI a metodoloxía docente e de avaliación.

5. Modificacíons da bibliografía ou webgrafía

- Ningunha



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Recoñecer os diferentes campos de profesionalización da educación social e identificar novos ámbitos emerxentes sinalando as razóns da súa evolución	A1 A5 A16
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	A20
Escoller e optar criticamente por fontes de coñecemento, procedementos e recursos tecnolóxicos que redunden nunha escolla contrastada da información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.	C6
Determinar razoadamente os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa nos seus ámbitos de actuación, poñendo en relación as súas implicacións e considerando as achegas bibliográficas más relevantes	A2 A3 A5 A14
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa á luz dos diferentes modelos teóricos contextualizando a súa evolución en Galicia e no conxunto do estado	A3 A5 A16
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa nos diferentes ámbitos de profesionalización da educación social.	A5 A14
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo	A2 A3 A14
Emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional, partindo de diagnoses fundamentadas e contextualizadas	A14 A16
Mostrar unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos poñendo en valor estratexias comunicativas basadas na escoita activa, a empatía e o emprego normalizado de linguas minorizadas	A20 B5 C1
Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.	A14 B2
Mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión ao expresar opinións e posicionamentos e nas propias actuacións	B3 B5
Caracterizar a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional desde os seus inicios ate a actualidade, recoñecendo as razóns que explican a súa evolución.	A1 A16



Asumir activamente os principios dunha cultura profesional colaborativa, valorando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade para resolver retos académicos asociados á asignatura

A20

B3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A EDUCACIÓN SOCIAL COMO OBXETO DE ANALISE E INTERVENCIÓN	1.1. Análise conceptual da Educación. 1.2. A socialización dos individuos: aproximación a súa caracterización e problemática actual. 1.3. A evolución dos discursos e prácticas socioeducativas: perspectiva asistencial versus perspectiva pedagóxico-social.
2. A PEDAGOXÍA SOCIAL COMO MARCO CIENTÍFICO, DISCIPLINAR E PROFESIONAL	2.1. Análise conceptual e evolución histórica da Pedagoxía Social. 2.2. A Pedagoxía Social e as Ciencias Sociais: a problemática da interdisciplinariedade. 2.3. Os modelos paradigmáticos da Pedagoxía Social. 2.4. A proxección profesional da Pedagoxía Social.
3. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	3.1. Política social, traballo social e servizos sociais. 3.2. Animación Sociocultural e desenvolvemento comunitario. 3.3. Educación para a cidadanía global. 3.4. A Pedagoxía Social na inadaptación e a marxinación social. 3.5. Educación social e institución escolar
4. OS PROCESOS METODOLÓXICOS NA INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	4.1. A metodoloxía na intervención social: aspectos conceptuais e procedimentais. 4.2. O deseño de programas socieducativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B5 C6	5	0	5
Aprendizaxe colaborativa	A20 B3 B2 C6	10	21	31
Discusión dirixida	A2 A3 A5 A14 A16	10	0	10
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2 C1 C6	0	15	15
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A16 C6	12	10	22
Solución de problemas	A14 B2 C6	0	10	10
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	0	10	10
Simulación	A2 A5 A14 B3	5	0	5
Proba mixta	A1 A2 A3 A16	0	5	5
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	0	22	22
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Actividades iniciais	Desenvolvemento dunha actividade de indagación sobre coñecementos previos do alumnado, en relación ás temáticas obxecto de estudo. Pode realizarse en gran grupo como elemento previo que permita tender pontes entre os coñecementos/vivencias/actitudes do alumnado e as temáticas obxecto de estudo presentadas a través da lección maxistral, discusión dirixida, etc. Tamén en pequeno grupo como forma de abordar os puntos de partida desde os que cada alumno/alumna se achega ás cuestións que son obxecto de debate ou motivo da resolución de problemas.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades propostas para que o alumnado en pequeno grupo resolva supostos desenvolvendo estratexias de cooperación na aprendizaxe. É tamén o baseamento para a adquisición de estratexias procedimentais e actitudinais desde as que abordar o traballo en equipo e a solución de problemas de diversa índole de maneira dialóxica, complementando xeitos diferentes de pensar á realidade e competencias diversas.
Discusión dirixida	Formulación de problemas ou antinomias nas que deben desenvolverse argumentos de diverso carácter sobre os temas propostos, de maneira ordeada e respectuosa cos posicionamentos non compartidos. Preténdese asentar procedementos e actitudes favorecedoras da escoita activa, a empatía e a facilitación de relacións na abordaxe de problemas complexos.
Lecturas	Lecturas complementarias e de profundización nas temáticas abordadas pola materia que permitan achegar marcos de referencia para a análise crítica da intervención pedagóxico social.
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos más significativos dos elementos temáticos da asignatura que estruturan as sesións expositivas e dan sentido as sesións interactivas. Acompáñase habitualmente de actividades iniciais e de distintos recursos que pretendan "activar" ao alumnado na procura de aprendizaxes significativas e contextuais.
Solución de problemas	A abordaxe de problemas socioeducativos reclama a consideración de puntos de vista diferentes. Unha posibilidade para achegarnos ás distintas visións dunha realidade son os xogos de roles orientados a superación dun reto ou problema. Esta metodoloxía articúllase desde a construcción e defensa dun determinado rol ou punto de vista, no marco dunha dinámica grupal orientada ao desenvolvemento da racionalidade argumentativa, e da discusión respectuosa de posicionamentos encontrados, co obxectivo de achegar solucións a unha problemática concreta
Proba de ensaio	A través dun comentario de texto, no que se pode utilizar a documentación empregada para o estudio dos distintos temas da materia. A través desta proba se pretende comprobar o desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia: capacidade de análise, síntese e desenvolvemento de reflexións argumentadas e coerentes.
Simulación	Posta en escea dunha problemática simulada relacionada coa profesión do/a educador/a social, sobre a que se deben asumir posicións argumentadas, valorando distintas posibilidades e sendo autocríticos respecto das posicións iniciais.
Proba mixta	Tendo como referencia os contidos das sesións expositivas e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase actividades que irán acompañando o desenvolvemento dos contidos. Buscan afianzar as aprendizaxes, a través de actividades de diversa índole: probas obxectivas, de resposta breve, participación en foros, etc.
Portafolios do alumno	Traballo reflexivo do estudiante de elaboración individual ou en pequeno grupo e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas. Valórase a capacidade crítica e reflexiva, así como a capacidade para identificar marcos de referencia que acheguen sentido e profundidade de análise as prácticas realizadas nas sesións interactivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en titorías en pequeno grupo ou individuais, relaciónnase coa necesidade dun seguimento do traballo do alumnado, especialmente nas metodoloxías de aprendizaxe colaborativa e na realización do portafolio e da conexión das actividades relacionadas coas clases interactivas e expositivas.
Aprendizaxe colaborativa	No caso da proba de ensaio, dedicarase unha sesión interactiva a traballar a elaboración dun ensaio, e ofreceranse en cada tema exemplos do textos sobre os que facer o ensaio, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de entregalos para a súa revisión e ter titorías individualizadas para reforzar esta aprendizaxe.
Proba de ensaio	Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Portfolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	<p>Traballo reflexivo do estudiante que se pode facer de maneira individual ou en pequeno grupo e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas.</p> <p>O portfolio pretende ser a memoria documentada dun proceso creativo e educativo, no que se recolle a súa evolución, de tal maneira que sexa posible apreciar un ?relato coherente? que permita recompoñer unha determinada traxectoria temática.</p> <p>As competencias que se pretende valorar a través da realización e presentación do Portfolio teñen que ver coa capacidade de análise, síntese, reflexión e interpretación de situacións, información relevante, etc.</p> <p>Os criterios de avaliação son:</p> <ul style="list-style-type: none">-Profundidade da reflexión a partir da propia participación nas dinámicas desenvolvidas nas sesións interactivas.- Grao de relación co marco teórico de referencia aportado nas sesións expositivas e nas lecturas recomendadas para cada temática.	60
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	<p>Comentario de texto que pretende a comprobación sobre o grao de desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia. Terá en conta o desenvolvemento dos contidos presentados nas sesións maxistrais e traballados nas actividades realizadas polo alumnado. A súa realización pódese apoiar na documentación achegada e noutras lecturas realizadas. É posible levar a documentación para a súa consulta no momento de realización da proba.</p> <p>Os criterios de avaliação relacionados con esta proba son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Identificación da/s idea/s principal/s e secundaria/s do texto a través dun resumo breve. Se se empregase a modo de resumo un mapa conceptual ou un esquema deberán ser suficientemente completos e explicativos respecto dos conceptos/ideas e da súa relación (estrutura do texto). Valórase, por tanto, a capacidade descriptiva e de síntese.- Ampliación dos conceptos ou ideas contidas no texto de referencia, e a súa asociación con outros conceptos e/ou ideas, ou o seu contraste ?matizacíons ou puntos de vista encontrados- que outros autores/as defenden, estimando a capacidade argumentativa.- Cando empreguemos os argumentos dun autor ou autora (ou os datos e/ou propostas dun estudio/informe concreto) coas nosas propias palabras citaremos a fonte.	40

Observacións avaliação



Para aprobar la materia será preciso que tanto el portafolio como la prueba de ensayo estén aprobados. Si alguno de los elementos está aprobado y lo otro no, se guardará para la segunda oportunidad a calificación del elemento aprobado y sólo tendrá que recuperar el suspenso.

Para el alumnado que por razones debidamente acreditadas (alumnado matriculado a tiempo parcial o a lo que sobrevenga alguna contingencia laboral y/o personal) no tenga una asistencia sistemática, fundamentalmente a las sesiones interactivas, se admitirá la dispensa académica, con una asistencia mínima del 25%. La evaluación consistirá en la prueba de ensayo, vía comentario de texto, con las características y criterios citados y la realización del portafolio se orientará hacia lecturas con las correspondientes reflexiones alrededor de las temáticas abordadas en la materia. Al alumnado se le dará una guía relacionada con las temáticas y lecturas de referencia para orientar las reflexiones.

En la realización de trabajos, el plagio y la utilización de material no original, incluido aquel obtenido a través de internet, sin indicación expresa de su origen y, si es el caso, o permiso de su autor/la, podrá ser considerada causa de calificación de suspenso en la actividad. Todo eso sin perjuicio de las responsabilidades disciplinarias a las que pudiera haber lugar tras lo correspondiente procedimiento

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>APPLE,M (1997): Política cultural y educación, Morata, Madrid.BERGER,P.L. (ed.1999): Los límites de la cohesión social. Conflicto y mediación en las sociedades pluralistas. CL, BarcelonaBORJA,J. y CASTELLS, M (1997): Local y global. La gestión de las ciudades en la era de la información. Taurus, Madrid.BUENO ABAD,J.R. (1991): Hacia un modelo de Servicios Sociales de Acción Comunitaria, Popular, Madrid.CABALLO, M.B.; CANDIA, F.X.; CARIDE,J.A. y MEIRA, P.A. (1996): 131 conceptos clave en educación social. USC. Compostela.CALVO, A. (2002): La animación sociocultural. Una estrategia educativa para la participación. Alianza editorial, Madrid.CANDEDO, M^a D.(coord, 2013): A educación: ¿dereito ou mercadoría? Laivento, AmesCARIDE, J.A. (coord, 2.000): Educación social y políticas culturales. Tórculo Edicións, USC, Santiago de Compostela.CARIDE, J.A. (2005): Las fronteras de la Pedagogía Social. Perspectivas científica e histórica. Gedisa, Barcelona.DELORS,J (coord, 1996): La educación encierra un tesoro, Santillana, UNESCO, Madrid.EMAÚS (2015). Manual Inclúe. Unha ferramenta para a aplicación dun novo enfoque na atención a persoas en situación de exclusión social.Vitoria:Grupo Emaús Fundación Social. Accesible en http://www.emaus.com/pdf/manual_gallego_web.pdf FERMOSO,P (1994): Pedagogía Social, Herder, Barcelona.FREIRE,P (1990): La naturaleza política de la educación. Cultura, poder y liberación. Paidós/MEC, Barcelona.FREIRE,P (1993): Pedagogía de la esperanza, Siglo XXI, Madrid.FROUFE,S E SANCHEZ,M.A. (1990): Planificación e Intervención Socieducativa ,Amarú Eds, Salamanca.GIMENO SACRISTAN, J (2001): Educar y convivir en la cultura global, Morata, Madrid.GIROUX, H (2001): Cultura, política y práctica educativa. Graó, BarcelonaLOPEZ HIDALGO,J (1992): Los Servicios Sociales, Narcea, Madrid.LUQUE DOMINGUEZ, P.A. (coord, 2001): Educación y valores democráticos: claves para una educación ciudadana. PPU, Barcelona.LUZURIAGA,L (1993): Pedagogía Social y política, CEPE, Madrid.MARCHIONI,M (1987): Planificación social y organización de la comunidad Edit. Popular, Madrid.MARTIN, T (coord, 2000): Planificación y diseño de proyectos en Animación Sociocultural. Sanz y Torres, Madrid.MARTINEZ, A (Edt,1991): Pedagogía de la marginación, Edt. Popular, Madrid.MARTINEZ BONAFÉ, J (coord, 2003): Ciudadanía, poder y educación. Graó, Barcelona. NUÑEZ, V (Coord. 2002): La educación en tiempos de incertidumbre: las apuestas de la Pedagogía Social, Gedisa, BarcelonaORTEGA,J (1999): Educación social especializada, Ariel, Barcelona.PEREZ SERRANO, G (1990): Investigación-acción: aplicaciones al campo social y educativo, Dykinson, Madrid.PETRUS, A (Coord. 1997): Pedagogía Social , Ariel, Madrid.QUINTANA, J.M. et alter (1992): Fundamentos de Animación Sociocultural, Narcea, Madrid.ROMANS, M.; PETRUS, A.; TRILLA,J (2000): De profesión educador(a) social. Paidós, Barcelona.ROSELLÓ, D (2004): Diseño y evaluación de proyectos culturales, Ariel, BarcelonaSAEZ, J (2003): La profesión de los educadores sociales: en busca de la competencia educativa cualificadora, Dykinson, Madrid.SAEZ, J (Coord. 2007): Pedagogía social y Educación social, Pearson Educación, MadridSARRAMONA,J (Ed. 1992): La educación no formal , CEAC, Barcelona.TRILLA,J (1993): Otras educaciones, Anthropos, Barcelona.TRILLA,J (Coord. 1997): Animación sociocultural. Teorías, programas y ámbitos. Ariel, Madrid.UCAR, X (1992): La animación sociocultural, CEAC, BarcelonaÚCAR, X (2016). Relaciones socieducativas. La acción de los profesionales. Barcelona: Editorial UOC.V.V.A.A. (1990): La ciudad educadora, Ajuntament de Barcelona, Barcelona.V.V.A.A. (1991): El educador social. Presente y futuro. Guek, Bilbao.V.V.A.A. (1992): Guia metodológica de apoyo a proyectos y acciones para el desarrollo.IEPALA, Madrid.V.V.A.A. (2002): A Acción municipal en cultura, deportes e xuventude na provincia da Coruña, Deputación Provincial. A CoruñaVEGA,A (1989): Pedagogía de los inadaptados sociales, Narcea, Madrid.VENTOSA, V.J. (1992): Educación Social, Animación e Instituciones, Edit.CIS. Madrid.RECURSOS DE TRABALLO:Caja de herramientas comunitarias. Universidad de Kansas. https://ctb.ku.edu/es/conjuntos-de-herramientas</p>
---------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- ÚCAR, X.; LLENA, A. (coords.) (2006). Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria.. Graó, Barcelona.- Castro, M (Coord) (2008). Educación Social e escola . NEG-CEESG, Santiago de Compostela- VVAA (2016). Revista de Pedagogía Social, nº 27 La pedagogía social en el mundo . Revista Interuniversitaria- Vega Fuente, A (2013). La educación social en la escuela, complemento imprescindible. Revista Educación Social- VVAA (2017). RGE nº 66 Infancias, desprotección social e educación . Nova Escola Galega- Santiago de CCompostela- VVAA (2017). RGE nº 67 Educación e servizos sociais. Nova Escola Galega- Santiago de CCompostela- VVAA (2018). Libro de Actas Educación Social e Escola 2006-2016 . CEESG/NEG- VVAA (2020). Galeduso Educación social e escola . CEESG- ANDER-EGG, E. (1989). La animación y los animadores. Narcea. Madrid.- SARRAMONA,J (1992). La educación no formal. CEAC, Barcelona- VEGA,A (1992). Pedagogía de los inadaptados sociales. Narcea, Madrid.- V.V.A.A. (1989). Procesos socioculturales y participación. Popular, Madrid
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías